



## **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A AGRICULTORES E GANDEIROS PARA AXUDA NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS AGRÍCOLAS E GANDEIROS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA 2015**

### **1.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é convocar subvencións destinadas á traballos agrícolas no rural mediante incentivos á contratación temporal de traballadores asalariados, entidades ou autónomos para realizar diversos traballos propios da explotación agraria gandeira, sobre todo en circunstancias de acumulación de tarefas ou épocas de sobrecarga de traballo estacional.

### **2.- FINANCIAMENTO**

As subvencións financiaranse con cargo á partida orzamentaria 410/48 do orzamento aprobado para o exercizo 2015, sendo o crédito total destinado ás axudas 6.000,00 euros.

### **3.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Poderán solicitar estas axudas os agricultores gandeiros que cumpran os requisitos establecidos na Lei de Subvencións de Galicia, e ademáis:

- Que sexan titulares ou cotitulares de explotacións gandeiras domiciliadas no Concello de Vila de Cruces, e que obteñan ao menos o 25 por cento da súa renda anual de actividades agrarias exercidas na súa explotación. Asimesmo, que figuren dados/as de alta no sistema especial dos /as traballadores/as por conta propia agrarios/as do réximen especial dos/as traballadores/as por conta propia ou autónomos/as, así como os/as encadrados/as en dito réximen pola súa actividade agraria.

No caso de ser persoas xurídicas o obxecto social das mesmas referiríase a actividades agrarias ou gandeiras .Neste suposto non son de aplicación as declaracións do IRPF .

- Que estean empadroados no Concello de Vila de Cruces .

- Que contraten con carácter temporal traballadores asalariados, entidades ou autónomos para a realización de traballos de axuda nas tarefas propias da explotación.

### **4.- CONTIA**

O importe da subvención será de 20 euros por xornada completa de traballo, cun máximo de 34 xornadas por explotación e mínimo media xornada de traballo.

Considerarase xornada completa de traballo a consistente en 8 horas diarias de traballo efectivo. No caso de xornadas inferiores a subvención diminuírase proporcionalmente.

Nas facturas correspondentes deberán figurar o número de xornadas ou horas diarias traballadas e que estarán comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2015. No caso de contratacións laborais terase en conta para o cálculo a xornada de traballo que figure no correspondente contrato.



## 5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Os solicitantes deberán presentar no rexistro do Concello e no prazo **dun mes** dende o publicación destas bases no Boletín Oficial de Pontevedra a seguinte documentación con carácter obrigatorio:

- Solicitude asinada polo titular ou representante legal da explotación (ANEXO I).
- Fotocopia cotexada do DNI do solicitante e no seu caso do CIF da explotación.
- No caso de empresas, escritura de constitución e DNI do seu representante.
- Fotocopia cotexada da folla de saneamento gandeiro.
- Fotocopia cotexada do último recibo de Seguridade Social do solicitante.
- Fotocopia da declaración de IRPF do último exercizo no que fora obrigatorio presentar declaración.( persoa física)
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, Seguridade Social, Oral e o Concello de Vila de Cruces.Asinada ante autoridade administrativa (secretario do Concello) ou notario público . (ANEXO II).

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

Ademáis poderán presentar a seguinte documentación que se terá en conta para determinar o orden de prioridade entre as distintas solicitudes:

- Documentación acreditativa de pertencer a unha cooperativa ou ADS Asociación Defensa Animal.

## 6.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas co límite do crédito disponible de 6000,00€ será en réxime de concurrencia competitiva concedéndose segundo a orde de puntuación acadada atendendo aos seguintes criterios:

- Por pertencer a unha cooperativa ou ADS Asociación Defensa Animal: 2 puntos.  
Acreditarase co certificado da cooperativa ou ADS correspondente.
- Por número de animais que figuren na folla de saneamento: 0,10 puntos/animal.  
Máximo 5 puntos.

Para o cálculo do importe da subvención terese en conta o disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia que se aplicará no caso de que as solicitudes non esgoten o crédito dispoñible.



En caso contrario procederase ao prorrateo do importe global máximo, segundo ao artigo 19.3 da Lei 9/2007, aplicando o seguinte proceso:

1º.- Calculamos o número de xornadas que lle corresponden a cada punto

$$\frac{300 \text{ (xornadas totais que se subvencionan)}}{\text{Nº puntos totais acadados polos solicitantes}}$$

2º.- Multiplicamos o resultado da operación anterior polo número de puntos de cada un dos solicitantes para obter o número de xornadas que lle corresponderían. En ningún caso se subvencionarán máis xornadas das solicitadas e terase en conta o límite máximo de 34 xornadas completas por solicitante. Aplicaranse as normas xerais de redondeo.

3º.- No caso de que realizadas as operacións anteriores non se acade a cifra total de xornadas subvencionables (300), procederase a unha segunda volta entre aqueles solicitantes que teñan xornadas pendentes, co límite máximo de 34 xornadas/solicitante.

4º.- O importe de subvención será de 20 euros por cada xornada completa e 10 euros por cada media xornada.

No caso de empate en puntos priorizaranse as solicitudes por orde alfabética do primeiro apelido do titular da explotación ou nome da sociedade.

O órgano instructor será o Técnico local de emprego encargado de instruír e tramitar os expedientes.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á Comisión de valoración que elaborará a proposta de concesión de subvencións.

A COMISIÓN DE AVALIACIÓN ESTARÁ INTEGRADA POLOS SEGUINTE MEMBROS:

Presidente: o alcalde do Concello ou membro da corporación municipal en quen delegue.

Secretario/a: O secretario da corporación ou persoa que o sexa da corporación do Concello.

Vogal: O técnico local de emprego

Vogal: O Concelleiro/a con competencias en materia de medio rural ou persoa en quen delegue.

A proposta da comisión de avaliación elevarase á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva das axudas.

O órgano instructor notificará ás persoas beneficiarias a concesión de subvención mediante notificación no enderezo que conste na solicitude e publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de resolución e notificación será de 3 meses contados a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en concreto, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a dictou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

## 7.- XUSTIFICACIÓN

O pagamento da axuda realizarase unha vez que a persoa beneficiaria presente no rexistro do Concello, antes do 31 de outubro de 2015, a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da actividade subvencionada, detallando as facturas ou documentos de valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Identificarase: acreedor e documento, importe, data de emisión, e se é posible data en que se pagou.  
Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos na solicitude, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- Facturas orixinais debendo corresponder ao gasto da actividade subvencionada, con data comprendida entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2015. Nas facturas deberán constar o número de horas/día realizadas.  
As facturas serán devoltas ao beneficiario debidamente estampilladas indicando o o importe subvencionado.
- No caso de contratacións laborais, copia cotexada dos contratos de traballo, altas na Seguridade Social, nóminas aboadas, TC1 e TC2.
- Xustificantes de pagamento mediante pagamento bancario, transferencia ou ingreso bancario, no que queden claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento e o concepto.
- Memoria explicativa e detallada das actuacións realizadas debidamente asinada polo beneficiario
- Declaración de complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto das concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas,
- Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias na Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa administración autonómica e co Concello de Vila de Cruces e co Oral.
- Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o beneficiario.

## 8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se fará o pagamento da axuda.



Comunicar ao Concello de Vila de Cruces a obtención doutras axudas destinadas á mesma finalidade e procedentes de calquera administración pública ou os seus entes dependentes. Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado. Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### 9.- DEVOLUCION E REINTEGRO

Procederá o reintegro no casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, nos seguintes casos:

- Incumprimento da obriga de xustificación.
- Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen.
- Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.

#### 10.- COMPATIBILIDADE

As subvencións que se otorguen o amparo da presente Orden serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen perxuício de que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada.

#### 11.- RÉXIMEN XURÍDICO.

As subvencións as que se refire a presente Orden rexiranse polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dacordo co establecido na súa disposición final primeira, no Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces e supletoriamente pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como demais normativa que sexa de aplicación.

#### DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR.

A presente Orden entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En Vila de Cruces a 2 de marzo de 2015.

O Concelleiro Agricultura e Medio Ambiente

Asdo: José González López





Concello de Vila de Cruces  
(Pontevedra)



Praza D. Juan Carlos I  
36590 Vila de Cruces  
(Pontevedra)  
Telfs.: 986 58 20 17 / 95  
Fax Alcaldía: 986 58 24 92  
Fax Secretaría: 986 58 23 17

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN EN CONCORRENCIA A AGRICULTORES - GANDEIROS PARA AXUDA NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS AGRICOLAS E GANDEIROS ANO 2015**

**SOLICITANTE:**

CIF: \_\_\_\_\_ CEA: \_\_\_\_\_ TELEFONO: \_\_\_\_\_

ENDEREZO

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME:

DNI: \_\_\_\_\_ TELEFONO: \_\_\_\_\_

ENDEREZO

**SUBVENCIÓN SOLICITADA**

Nº DE XORNADAS SOLICITADAS:

COMPLETAS: \_\_\_\_\_ MEDIAS XORNADAS: \_\_\_\_\_

**DECLARACIÓN RESPONSABLES**

A) Declaro responsablemente que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

B) En relación coa actividade subvencionada:

<input type="checkbox"/>	NON ten solicitado outras axudas para a mesma finalidade						
<input type="checkbox"/>	SI solicitou outras axudas para a mesma finalidade e NON foron concedidas						
<input type="checkbox"/>	SI ten concedidas outras axudas o para a mesma finalidade dos seguintes organismos:						
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>ORGANISMO</th> <th>IMPORTE</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td> </td> <td> </td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> </tr> </tbody> </table>	ORGANISMO	IMPORTE				
ORGANISMO	IMPORTE						

O que asina declara que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as bases, que cumpre cos requisitos establecidos nelas, que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- FOTOCOPIA COTEXADA DO DNI E / OU CIF
- DOCUMENTACION DE CONSTITUCION DA EMPRESA E DA SUA REPRESENTATIVIDADE
- FOTOCOPIA COTEXADA DO ULTIMO RECIBO DE SEGURIDADE SOCIAL
- DECLARACION IRPF
- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatal e autonómica Seguridade Social, así como co Oral e co Concello de Vila de Cruces
- FOTOCOPIA DA ULTIMA FOLLA DE SANEAMENTO GANDEIRO
- DOCUMENTO ACREDITATIVO DE PERTENCER A ENTIDADE COOPERATIVA ou ADS
- Outros :

**SINATURA DO SOLICITANTE**

Vila de Cruces, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES**



**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D..... con  
N.I.F..... en nome propio ou en representación de  
..... declaro que :

- 1) Cumpro/e con todos os requisitos para ser beneficiario de unha subvención, exisidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 novembro general de Subvencións (\*1 ver dorso).
- 2) Que non estou/á incurso en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- 3) Que estou/á ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 4) Que non teño/ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.

En ....., a ..... de ..... de 2015

Ante O Secretario da Corporación ou notario publico ,autoridade competente  
( sinatura)



*Artículo 13 Requisitos para obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora*

1. Podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las personas o entidades que se encuentren en la situación que fundamenta la concesión de la subvención o en las que concurren las circunstancias previstas en las bases reguladoras y en la convocatoria.

2. No podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora de las subvenciones reguladas en esta Ley las personas o entidades en quienes concorra alguna de las circunstancias siguientes, salvo que por la naturaleza de la subvención se exceptúe por su normativa reguladora:

- a. Haber sido condenadas mediante sentencia firme a la pena de pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones o ayudas públicas.
- b. Haber solicitado la declaración de concurso voluntario, haber sido declarados insolventes en cualquier procedimiento, hallarse declarados en concurso, salvo que en éste haya adquirido la eficacia un convenio, estar sujetos a intervención judicial o haber sido inhabilitados conforme a la Ley 22/2003, de 9 de julio, Concursal, sin que haya concluido el período de inhabilitación fijado en la sentencia de calificación del concurso.
- c. Haber dado lugar, por causa de la que hubiesen sido declarados culpables, a la resolución firme de cualquier contrato celebrado con la Administración.
- d. Estar incurso la persona física, los administradores de las sociedades mercantiles o aquellos que ostenten la representación legal de otras personas jurídicas, en alguno de los supuestos de la Ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación de los conflictos de intereses de los miembros del Gobierno y de los altos cargos de la Administración General del Estado, de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas, o tratarse de cualquiera de los cargos electivos regulados en la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, en los términos establecidos en la misma o en la normativa autonómica que regule estas materias.
- e. No hallarse al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias o frente a la Seguridad Social impuestas por las disposiciones vigentes, en la forma que se determine reglamentariamente.
- f. Tener la residencia fiscal en un país o territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal.
- g. No hallarse al corriente de pago de obligaciones por reintegro de subvenciones en los términos que reglamentariamente se determinen.
- h. Haber sido sancionado mediante resolución firme con la pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones conforme a ésta u otras leyes que así lo establezcan.
- i. No podrán acceder a la condición de beneficiarios las agrupaciones previstas en el segundo párrafo del apartado 3 del artículo 11 de esta Ley cuando concorra alguna de las prohibiciones anteriores en cualquiera de sus miembros.
- j. Las prohibiciones de obtener subvenciones afectarán también a aquellas empresas de las que, por razón de las personas que las rigen o de otras circunstancias, pueda presumirse que son continuación o que derivan, por transformación, fusión o sucesión, de otras empresas en las que hubiesen concurrido aquéllas.

3. En ningún caso podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora de las subvenciones reguladas en esta ley las asociaciones incurso en las causas de prohibición previstas en los apartados 5 y 6 del artículo 4 de la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación.

Tampoco podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las asociaciones respecto de las que se hubiera suspendido el procedimiento administrativo de inscripción por encontrarse indicios racionales de ilicitud penal, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 30.4 de la Ley Orgánica 1/2002, en tanto no recaiga resolución judicial firme en cuya virtud pueda practicarse la inscripción en el correspondiente registro.

4. Las prohibiciones contenidas en los párrafos b), d), e), f), g), h), i) y j) del apartado 2 y en el apartado 3 de este artículo se apreciarán de forma automática y subsistirán mientras concurren las circunstancias que, en cada caso, las determinen.

5. Las prohibiciones contenidas en los párrafos a) y h) del apartado 2 de este artículo se apreciarán de forma automática. El alcance de la prohibición será el que determine la sentencia o resolución firme. En su defecto, el alcance se fijará de acuerdo con el procedimiento determinado reglamentariamente, sin que pueda exceder de cinco años en caso de que la prohibición no derive de sentencia firme.

6. La apreciación y alcance de la prohibición contenida en el párrafo c) del apartado 2 de este artículo se determinará de acuerdo con lo establecido en el artículo 21, en relación con el artículo 20.c) del texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2002, de 16 de junio.

7. La justificación por parte de las personas o entidades de no estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora, señaladas en los apartados 2 y 3 de este artículo, podrá realizarse mediante testimonio judicial, certificados telemáticos o transmisiones de datos, de acuerdo con lo establecido en la normativa reglamentaria que regule la utilización de técnicas electrónicas, informáticas y telemáticas por la Administración General del Estado o de las comunidades autónomas, o certificación administrativa, según los casos, y cuando dicho documento no pueda ser expedido por la autoridad competente, podrá ser sustituido por una declaración responsable otorgada ante una autoridad administrativa o notario público.